# RURALDECOLONIZADO

## XORNADAS CAMIÑADAS

Xornada 1:
CGAC – SANTIAGO DE COMPOSTELA
13 de xaneiro de 2017

Xornada 2:
MUSAC – LEÓN
14 de xaneiro de 2017

Horario: de 17:00 a 20:00 h



Camiñando un oficio por Ruraldecolonizado, 2016
Fotografía: Cortesía de Ruraldecolonizado. Licenza CC BY

*Ruraldecolonizado* é un proxecto que parte da seguinte cuestión: están a ser os coñecementos xerados dende o medio rural marxinados en favor dos que proveñen das cidades? Mediante a metodoloxía das *conversas camiñadas* foise tratando de responder a esta pregunta coa axuda de veciños e veciñas de zonas rurais do nordés ibérico. O proxecto baséase no entendemento das devanditas zonas rurais non so como espazos de produción de alimentos e materias primas, senón tamén como espazos produtores de coñecemento, de subxectividades, nos que se deron e se están a dar poéticas de (re)existencia.

Trátase de amosar os novos relatos que se xeran no medio rural e de propor un reencontro con esoutros tempos, cosmovisións, comunidades, relacións coa natureza, afectos e procesos de resistencia que ocorren nestes espazos non urbanos. A través da práctica artística do camiñar, o proxecto busca detectar e difundir os coñecementos co fin de rescatar estas áreas do seu silencio e escoitar os seus relatos ocultos, contribuíndo así a reivindicar un pluralismo epistémico.

En palabras dos directores do proxecto, Fran Quiroga e Andrea Olmedo Río: "Descolonizar o rural é falar, conversar do ser e o estar nun mundo contemporáneo, é falar desde outras ópticas, desde outras perspectivas, desde outra maneira de vivir e sentir a realidade".

*Ruraldecolonizado* é unha investigación experimental concibida como unha constante invitación ao diálogo coas persoas e comunidades coas que se foi atopando. Primeiro ao redor da zona transfronteiriza entre Vinhais en Trás-os-Montes (Portugal) e o sur de Galicia, unha área con gran tradición agropecuaria e constantes procesos migratorios. Posteriormente, na Sobarriba (León), unha franxa próxima ao núcleo urbano cuxos habitantes maiormente traballan na cidade.

### XORNADAS CAMIÑADAS

O obxectivo principal das *Xornadas camiñadas* é contribuír a detectar e difundir os coñecementos de persoas clave que nos territorios rurais onde estes operan. Onde antes unha forza común parecía sustentar a vida e as súas contornas naturais, o progreso, aos poucos, imponse a saberes e oficios milenarios. Á espera de políticas que o frecuenten, entre a emigración e o envellecemento, paradoxalmente, o medio rural e as complexas experiencias que o ocupan continúan revelando procesos de resistencia, espazos de invención e experiencias de vida que cuestionan a modernidade e as súas larvadas promesas de benestar.

Máis aló das tradicionais relacións entre produtores e consumidores, existen miradas propias desde o ámbito rural? Son os coñecementos que se xeran neste medio uns saberes de segunda ou subalternos? As formas

*Ruraldecolonizado* es un proyecto que parte de la siguiente cuestión: ¿están siendo los conocimientos generados desde el medio rural marginados en favor de los que provienen de las ciudades? Mediante la metodología de las *conversaciones caminadas* se ha ido tratando de responder a esta pregunta con la ayuda de vecinos y vecinas de zonas rurales del nordeste ibérico. El proyecto se basa en el entendimiento de dichas zonas rurales no solo como espacios de producción de alimentos y materias primas, sino también como espacios productores de conocimiento, de subjetividades, en los que se han dado y se siguen dando poéticas de (re)existencia.

Se trata de mostrar los nuevos relatos que se generan en el medio rural y de proponer un reencuentro con esos otros tiempos, cosmovisiones, comunidades, relaciones con la naturaleza, afectos y procesos de resistencia que ocurren en estos espacios no urbanos. A través de la práctica artística del caminar, el proyecto busca detectar y difundir los conocimientos con el fin de rescatar a estas áreas de su silencio y escuchar sus relatos ocultos, contribuyendo así a reivindicar un pluralismo epistémico.

En palabras de los directores del proyecto, Fran Quiroga y Andrea Olmedo Río: "Descolonizar el rural es hablar, conversar del ser y el estar en un mundo contemporáneo, es hablar desde otras ópticas, desde otras perspectivas, desde otra manera de vivir y sentir la realidad".

*Ruraldecolonizado* es una investigación experimental concebida como una constante invitación al diálogo con las personas y comunidades con los que se ha ido encontrando. Primero en torno a la zona transfronteriza entre Vinhais en Trás-os-Montes (Portugal) y el sur de Galicia, un área con gran tradición agropecuaria y constantes procesos migratorios. Posteriormente, en La Sobarriba (León), una franja cercana al núcleo urbano cuyos habitantes mayormente trabajan en la ciudad.

### JORNADAS CAMINADAS

El objetivo principal de las *Jornadas caminadas* es contribuir a detectar y difundir los conocimientos de personas clave que en los territorios rurales donde estos operan. Donde antes una fuerza común parecía sustentar la vida y sus entornos naturales, el progreso, poco a poco, se impone a saberes y oficios milenarios. A la espera de políticas que lo frecuenten, entre la emigración y el envejecimiento, paradójicamente, el medio rural y las complejas experiencias que lo ocupan continúan revelando procesos de resistencia, espacios de invención y experiencias de vida que cuestionan la modernidad y sus larvadas promesas de bienestar.

Más allá de las tradicionales relaciones entre productores y consumidores, ¿Existen miradas propias desde el ámbito rural? ¿Son los conocimientos que se generan en este medio, unos saberes de segunda o subalternos?

do *estar a ser* en territorios non urbanos foron marxinadas polos centros de poder en favor da súa visión hexemónica, ou pódese desde a cidade vivir alleo a estes procesos? Desde a xestión comunal de bens, como o caso dos baldíos portugueses, aos regadíos ou as redes de apoio mutuo; desde as causas que dan fin a oficios tradicionais como o pastoreo á falta de substitución xeracional e de entendemento entre as diversas maneiras de comprender a aldea, a vila e toda a súa estrutura; desde a perda de autonomía das comunidades locais á vocación de querer habitar onde se nace... Estas e outras cuestións serán as que se aborden nas *Xornadas camiñadas*.

As *Xornadas camiñadas* terán lugar en Santiago de Compostela e León. Concíbense como unha invitación a calquera persoa interesada en conversar sobre como a diversidade de coñecementos pode facer fronte a esa colonialidade do saber. A partir dun percorrido por espazos e lugares en ambas as cidades, imaxinaremos e transitaremos conxuntamente por diferentes preguntas, promovendo a creación dun espazo no que compartir como trazar esoutros futuros nos que, fronte ao homoxéneo, se pense desde o diverso, ou fronte á universalidade se poida trazar esa *pluriversalidade*.

## OBXECTIVOS

— Atopar lugares nos que se evidencie un diálogo non hexemónico entre o rural e o urbano.

— Repensar como o medio rural sufriu un proceso de colonialidade ao redor dos seus saberes e formas do *estar a ser*.

— Habilitar un lugar de encontro e de diálogo.

— Amosar o traballo realizado por Ruraldecolonizadoao longo de 2016.

## INSCRICIÓN

As xornadas están dirixidas a calquera persoa interesada na cultura contemporánea.

Para participar é necesario inscribirse antes do 9 de xaneiro de 2017 a través do formulario en liña dispoñible na páxina web do MUSAC <http://bit.ly/2f1l3S7>.

As 40 prazas dispoñibles adxudicaranse por orde de inscrición. A matrícula é gratuíta.

Expedirase un certificado de asistencia ás persoas que lo requieran.

DIRECCIÓN: Fran Quiroga e Andrea Olmedo Río
COORDINACIÓN: Gema Baños (CGAC)

FRAN QUIROGA
É licenciado en Ciencias Políticas pola USC. Coordina, entre outros proxectos, o CulturaLab do Máster de Servizos Culturais da USC. Como investigador publicou en revistas como *Teknokultura*, *Tempos Novos*, *Encrucijadas*, *La Descomunal* ou *Derritaxes*. Participou en diversas conferencias en espazos como o Arts Santa Mònica, o Medialab Prado ou o MARCO de Vigo.

ANDREA OLMEDO RÍO
É creativa dixital. Máster en Artes Dixitais (2013) e Máster en Documental de Creación pola Universitat Pompeu Fabra. Doutoranda en medios locativos no Departamento de Artes Visuais da Universidade de Évora. Co-coordinadora de *Constelaciones*.

*Ruraldecolonizado* é un proxecto coproducido polo CGAC e o MUSAC a través da convocatoria Laboratorio 978 de axudas á produción cultural.

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Rúa Ramón del Valle Inclán 2 – 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.gal
www.cgac.xunta.gal

¿Las formas del *estar siendo* en territorios no urbanos han sido marginadas por los centros de poder en favor de su visión hegemónica? o ¿se puede desde la ciudad vivir ajeno a estos procesos? Desde la gestión comunal de bienes, como el caso de los baldíos portugueses, a los regadíos, o las redes de apoyo mutuo; desde las causas que dan fin a oficios tradicionales como el pastoreo a la falta de relevo generacional y de entendimiento entre las diversas maneras de comprender la aldea, el pueblo y todo su entramado; desde la pérdida de autonomía de las comunidades locales a la vocación de querer habitar donde se nace... Estas y otras cuestiones serán las que se aborden en las *Jornadas caminadas*.

Las *Jornadas caminadas* tendrán lugar en Santiago de Compostela y León. Se conciben como una invitación a cualquier persona interesada en conversar sobre cómo la diversidad de conocimientos puede hacer frente a esa colonialidad del saber. A partir de un recorrido por espacios y lugares en ambas ciudades, imaginaremos y transitaremos conjuntamente por diferentes preguntas, promoviendo la creación de un espacio en el que compartir cómo trazar esos otros futuros en los que, frente a lo homogéneo, se piense desde lo diverso, o frente a la universalidad se pueda trazar esa *pluriversalidad*.

## OBJETIVOS

— Encontrar lugares en los que se evidencie un diálogo no hegemónico entre lo rural y lo urbano.

— Repensar cómo el medio rural ha sufrido un proceso de colonialidad en torno a sus saberes y formas del *estar siendo*.

— Habilitar un lugar de encuentro y de diálogo.

— Mostrar el trabajo realizado por Ruraldecolonizado a lo largo de 2016.

## INSCRIPCIÓN

Las jornadas están dirigidas a cualquier persona interesada en la cultura contemporánea.

Para participar es necesario inscribirse antes del 9 de enero de 2017 a través del formulario en línea disponible en la página web del MUSAC <http://bit.ly/2f1l3S7>.

Las 40 plazas disponibles se adjudicarán por orden de inscripción. La matrícula es gratuita.

Se expedirá un certificado de asistencia a las personas que lo requieran.

DIRECCIÓN: Fran Quiroga y Andrea Olmedo Río
COORDINACIÓN: Gema Baños (CGAC)

FRAN QUIROGA
Es licenciado en Ciencias Políticas por la USC. Coordina, entre otros proyectos, el CulturaLab del Máster de Servicios Culturales de la USC. Como investigador ha publicado en revistas como *Teknokultura*, *Tempos Novos*, *Encrucijadas*, *La Descomunal* o *Derritaxes*. Ha participado en diversas conferencias en espacios como el Arts Santa Mònica, el Medialab Prado o el MARCO de Vigo.

ANDREA OLMEDO RÍO
Es creativa digital. Máster en Artes Digitales (2013) y Máster en Documental de Creación por la Universitat Pompeu Fabra. Doctoranda en medios locativos en el Departamento de Artes Visuales de la Universidad de Évora. Co-coordinadora de *Constelaciones*.

*Ruraldecolonizado* es un proyecto coproducido por el CGAC y el MUSAC a través de la convocatoria Laboratorio 987 de ayudas a la producción cultural.

MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León
Avenida de los Reyes Leoneses, 24 – 24008 León
Tel.: 987 09 00 00 / musac@musac.es
www.musac.es

Colaboran: